

"A chave dos campos" (Magritte)


DATOS TÉCNICOS DA OBRA.

Cronoloxía: 1936

Autor: René Magritte

Estilo: Pintura surrealista (Surrealismo)

Localización: Museo Nacional Thyssen-Bornemisza (Madrid, España)



CONTEXTO CULTURAL E ARTÍSTICO.

A renovación que provocaron na pintura a finais do XIX o Impresionismo, o Postimpresionismo e o Simbolismo (tanto na iconografía, como na composición, o cromatismo ou a técnica), foi o caldo de cultivo no que xurdíu a ampla variedade de tendencias ou "ismos" das novas vangardas do século XX.

O Surrealismo foi un movemento literario e artístico, elitista e de esquerdas, que naceu en Francia en 1924 impulsado por André Breton. Este defendíu no seu Manifesto a incoscienza, o soño, o erotismo, o automatismo e a locura. Os surrealistas tentaron expresar por medio da plástica as imaxes procedentes do mundo onírico, do inconsciente, fóra de toda preocupación estética e moral.

O Surrealismo atopou en Sigmund Freud (o pai da psicoanálise e da psiquiatría moderna), un dos seus referentes máis importantes. Buscaba unha arte sen prexuízos nin condicionamentos sociais ou culturais, polo que o artista despóxase de toda influencia e dá renda solta á súa imaxinación.

Por iso, entre os temas máis abundantes, atopamos temas fantásticos, imaxinarios, oníricos, absurdos e moi imaxinativos e orixinais.

Os seus integrantes comparten a temática, pero cada artista empregará a súa propia técnica e métodos para representara as súas inquietudes, fobias, filias e obsesións. A tendencia xeralizada foi recuperar o tratamento clásico da composición e a figuración, dándolle gran importancia ao debuxo. Neste sentido, moitos dos artistas deste movemento pensaban que se representaban extrañas paisaxes e personaxes do xeito máis realista posible, o efecto de desconcerto sería maior no espectador.

Representantes senlleiros da pintura surrealista foron Max Ernst, René Magritte, Marc Chagall e os artistas españois Salvador Dalí e Joan Miró.

René Magritte (1898-1967) foi un artista belga formado na Academia das Artes de Bruxelas. Traballara como cartelista e publicitario, pintando os seus primeiros cadros a raíz do seu descubrimento da obra de Giorgio de Chirico.

Instalado en París, foi un e un dos primeiros en integrarse na corrente surrealista, vivindo entre 1927 e 1930 nas aforas da capital francesa. Tras ese período, volveu a Bruxelas, onde permaneceu ata a súa morte, levando unha vida discreta e retirada, mantendo en público un certo aburguesamento. Esta vida rutinaria, adicada exclusivamente a pintar, percíbese como un reflexo da súa obra, un espello dos seus cadros, cuxo obxectivo (a pesar da aparencia de normalidade e banalidade), sempre fan referencia a algo oculto, a inseguridade fronte ao secreto, a evocación do misterioso.

A súa obra é enigmática e extraña, rodeada dun halo de misterio propio da súa inspiración na literatura policiaca. Os seus personaxes caracterízanse polos seus rostros impenetrables, carentes de toda expresión.

Foi un surrealista atípico, que pintaba cunha precisión metódica, case cerebral. Os seus cadros son auténticos enigmas visuais, creando unha obra de gran orixinalidade, na que empregando unhas imaxes sinxelas e visualmente comprensibles, cunha técnica naturalista, conseguía transmitir significados escuros e complexos, descubríndonos a

través de obxectos e figuras cotiás o lado máis misterioso e inquietante do noso entorno. Magritte emprega un **coidadoso debuxo** co que compón escenas nas que o xogo á equivocación é un dos seus elementos máis característicos. A mestura entre aparencia e verdade, soño e realidade, é traballada deliberadamente polo pintor belga, sen olvidar a ironía e un fino humor. As pinturas de Magritte amosan sempre unha **atmosfera misteriosa e extraña**, buscando quebrar as fronteiras da percepción normal.

As **paisaxes** pintadas por Magritte constitúen boa parte da súa obra, e dan a impresión de ser máis facilmente comprensibles que os tradicionais, pero de seguido decatámonos que “algo non encaixa” cunha paisaxe convencional, e que nelas sempre hai un misterio.

Magritte consegue que o espectador recapacite sobre a realidade das cousas. Así, por exemplo, un **crystal roto** semellaba un espello invertido do que máis aló da ventá se nos amosa, abrindo máis aló a nosa imaxinación, como na obra presente “A chave dos campos”.

ANÁLISE FORMAL DA OBRA:

“A chave dos campos” é un exemplo representativo do estilo de Magritte, da **presencia oculta do misterioso** en todo o que nos rodea. Trátase dunha paisaxe, un tema típico na pintura tradicional, pero cun resultado inquietante que produce desacougo e confusión. A través da ventá divísase un campo ondulado e suave. Ao final dun prado amplo e levemente ascendente, divisáanse unhas árbores frondosas e, sobre elas, a bóveda dun ceo feblemente azul. Todo moi bucólico, sen que nada turbe a serenidade deste cadro, se non fose pola sensación de que a imaxe “se creba ante os nosos ollos: ao fixarnos con máis detalle, vemos os trozos dun **crystal roto** ao pé dunha fiestra...pero eses anacos **conservan o reflexo da paisaxe que se ve a través do mesmo** (o cal, fisicamente, é imposible, ilóxico, xa que deberían ser transparentes e non conservar a imaxe reflectida no vidro enteiro, agora esnaquizado). Os fragmentos caídos ao chan actúan como pezas dun **“rompecabezas”** que reproduce a paisaxe vista a través da fiestra.

Polo tanto, estaba a perspectiva paisaxística pintada só no cristal da ventá? Ou non se trataba dun vidro transparente, senón dun cadro, agora roto en mil pedazos? Non o sabemos, xa que os trozos de cristal son contradictorios, a paisaxe continúa intacta e perfectamente visible tralo vidro roto, os trozos do chan vólvense opacos mentres que os do marco da fiestra seguen sendo transparentes...todo un **enigma**, un montón de dúbidas sen resposta.

Por outra banda, Magritte concibe esta obra como outras da súa carreira artística como **“un cadro dentro dun cadro”**, xa que a visión do espectador é acotada pola ventá, co que teríamos tres planos na mesma obra: o plano do cadro, o plano de fondo (a paisaxe do bosque), e o plano da ventá

Con este tipo de xogos visuais, Magritte cuestiona a **ambigüidade** da percepción e a concepción da pintura como representación da realidade.

Magritte altera rotundamente a relación entre a realidade e a pintura nesta orixinal pintura. Por outra banda, esta obra enlaza directamente coas premisas surrealistas e as ideas de **Freud**: a paisaxe interior (subconsciente) que se atopa trala ventana (consciente), está oculta por ela. Polo que so rachando o cristal da ventá (“rebelándose contra o mesmo”), conseguiremos atopar a nosa propia paisaxe (o ego auténtico, segundo Freud), convertíndose case este cadro nunha **plasmación pictórica do método da psicoanálise**.

Neste óleo sobre lenzo predominan as **cores frías**, dando así unha impresión máis misteriosa á obra. O foco de luz provén do ceo debuxado. A perspectiva é liñal, xa que podemos apreciar a profundidade da paisaxe e as árbores que se atopan ao fondo. O punto de vista é alto e a composición aberta nun espazo exterior.

CONCLUSIÓN:

Magritte foi un dos pintores máis singulares do século XX, representando un **“surrealismo máximo”**. De entre todas as súas obras, “A chave dos campos” chama a atención, conseguindo cunha técnica pictórica moi realista unha escena chea de **misterio e de poesía** ao mesmo tempo, contrastando realidades paralelas que se unen, demostrando que a ilusión e a realidade física son a mesma cousa. O esencial para Magritte era eliminar a diferenza entre o que se ve fóra da ventá ao que se ve dende dentro, combinando o físico coa beleza interior.